



**O CATEQUISTA
ACOMPANÑANTE
no camiño da fe**



www.catequesisdegalicia.com
recursos.catequesisdegalicia.com

**20¹⁹
18**

Presentación do curso 2018-2019

CARTEL e LEMA

Querido catequista, saúdos ao comezo dun novo ano pastoral. Neste curso 2018-19, á luz do próximo Sínodo dos bispos en Roma, que leva como título “*Los jóvenes, la fe y el discernimiento vocacional*”, os Secretariados de Catequese de Galicia eliximos como temática a figura do “catequista acompañante”. Este ano céntrase na figura dos catequistas e a súa identidade: recoñecéndoo como un acompañante, e mostrando ademais as implicacións que isto leva consigo para o servizo que realiza: acompañar no camiño de fe.

O lema, “*O catequista acompañante no camiño da fe*”, centra a mirada directamente no axente da catequese, o catequista: na súa identidade catequístico-pedagóxica, como acompañante no camiño de fe dos crentes.

Para comprender a mensaxe do **cartel**, o primeiro é perder uns minutos para contemplalo. Que descubras “¿que che evoca persoalmente?”. Iso que emerxe dentro de ti é o que dá ao cartel unha riqueza única e persoal. Agora propoñémosche algunhas pinceladas de interpretación.

A simplicidade do esencial	A sinxeleza deste cartel invita a que o catequista se centre en algo que hoxe é considerado esencial na súa tarefa: ser acompañantes no camiño da fe; caendo na conta de que o esencial é centrarse nas persoas, como o faría Xesús: saber mirar con agradecemento e gratuidade a quen se acompaña, tal como é, sen impoñer sobre el esquemas e expectativas; sen forzar os tempos, os procesos; nin estar tan preocupados dos métodos,...
O sol inmenso	É a imaxe dominante. Deus, en Cristo, é o noso sol infinito. Todo parte del e retorna a el, como o noso facer catequese. O sol inextinguible, que se oculta pero non morre. Aquí está a vocación de catequistas: fomos chamados a colaborar na misión evanxelizadora de Xesús día a día; e céntranos tamén na finalidade da catequese: “a comunión con Cristo” (Directorio Xeral para a Catequese, 80). O sol cos seus claroscuros , como ocorre tantos días nubrados en Galicia: non é que non haxa sol, en realidade non o vemos; como tampouco nos nosos esforzos e fracasos debemos pensar na ausencia de Deus, senón nunha presenza silenciosa.

<p>O camiño a pinceladas</p>	<p>Acompáñase o camiño de fe das persoas. Un camiño xa trazado, pero á vez por realizar, como o camiño esvaído do cartel. O acompañamento é un camiño sempre por facer, novo e orixinal, porque Cristo trázoa coa nosa liberdade. Un camiño con saltos e altibaixos. Igualmente, é tamén un camiño xa trazado por Cristo, o noso Camiño (Xn 14,6). A Igrexa aprendeuno a realizar, e require que o catequista acompañante o coñeza por telo xa feito, para que poida acompañar a quen se dispón a realizalo. Un camiño feito a través dunha aprendizaxe de toda a vida cristiá por medio das tarefas propias da catequese: axudar a coñecer, celebrar, vivir e transmitir a fe en comunión.</p>
<p>O catequista acompañante é tamén un camiñante con caxato</p>	<p>O catequista fai tamén o camiño, pero -aínda que hai experiencias que xa viviu e lle serven agora como un caxato (ver imaxe do cartel) para guiar aos demais-, está tamén en proceso. O acompañante sempre está en camiño de conversión, e por iso tamén precisa ser acompañado. Recoñécese incompleto e sábese dependente de Deus e necesitado da forza do seu Espírito. Cristo acompaña ao catequista para poder ser despois, tamén el, acompañante.</p>
<p>O sentido comunitario no acompañamento</p>	<p>Acompaña o catequista, pero non só: a través del faino toda a comunidade-parroquia, porque a fe é sempre comunitaria; e aínda que na vida moitas veces parece que o párroco ou o catequista están sós, en realidade a comunidade crente é acompañante no camiño do proceso de fe: a comunidade-parroquia non só é o lugar onde se realiza a catequese, senón que ela mesma é quen a realiza personalizada na figura do catequista, e é tamén a súa meta.</p>
<p>A orientación vocacional no camiño da fe</p>	<p>A proposta vocacional é un aspecto fundamental do camiño de fe. Por iso, a catequese, xunto coa pastoral vocacional, de infancia e mocidade, ha de privilexiar un acompañamento que axude ao descubrimento, discernimento e orientación vocacional.</p>

O ACOMPAÑAMENTO

Perspectivas catequéticas

Nesta parte queremos ofrecerche algúns elementos teóricos sobre o acompañamento en catequese.

O modelo catequético nacido do Concilio Vaticano II subliñou moito, e moi atinadamente, a importancia do grupo como espazo formativo e como primeira experiencia de comunidade; pero esta insistencia tal vez ensombrecou a importancia do acompañamento persoal, que resulta un elemento imprescindible no proceso de personalización da fe, de madurez cristiá e de discernimento vocacional. Tal é así, que o acompañamento preséntase como un deber:

□ acompañamento das novas xeracións non é un extra con respecto á tarefa de educar e evanxelizar aos xoves, senón un deber eclesial e un dereito de cada mozo e moza. (*Instrumentum Laboris “Los jóvenes, la fe y el discernimiento pastoral”, 81*).

O catequista acompañante

O acompañamento na catequese non é só facer compañía. Trátase da arte de “estar con” ou “ir xunto a” outra persoa nun camiño cara á comunión con Cristo, mediante unha formación integral que impregne a vida enteira da persoa: coñecendo e saboreando a proposta de Xesús, para facela propia e ser capaces de celebrala, oral e vivila nunha vida comunitaria e compartila con todos.

O catequista que quere acompañar ten que vivir a experiencia de ser acompañado:

A Igrexa terá que iniciar aos seus irmáns -sacerdotes, relixiosos e laicos- nesta «arte do acompañamento» (*Evangelii Gaudium [EG], 169*).

Ademais o acompañante debe ser membro activo da comunidade, pois:

ela acompaña aos catecúmenos e catequizandos no seu itinerario catequético e, con solicitude maternal, fainos partícipes da súa propia experiencia de fe e incorpóraos ao seu seo. (*Directorio General para la Catequesis [DGC], 254*).

Os catequistas que exerzan o acompañamento deben ser homes e mulleres que:

coñezan os procesos onde destaca a prudencia, a capacidade de comprensión, a arte de esperar, a docilidade ao Espírito, para coidar entre todos ás ovellas que se nos confían (*EG 171*).

Ademais, o “catequista acompañante” é hoxe unha urxencia, como recorda o Papa Francisco:

“Nunha civilización paradoxicamente ferida polo anonimato [...] A Igrexa terá que iniciar aos seus irmáns -sacerdotes, relixiosos e laicos- nesta arte do acompañamento, para que todos aprendan a quitarse as sandalias ante a terra sagrada do outro. Temos que darlle ao noso camiñar o ritmo sanador de proximidade cunha mirada respectuosa e chea de compaixón pero que ao mesmo tempo sandede, libere e alente a madurar na vida cristiá” (EG 169)

Pasos no acompañamento

*Primeiro paso:
actitude de
acollida
e respecto*

“Xesús en persoa achegouse e camiñaba canda eles”
(Lc 24,15).
O catequista debe achegarse aos catequizandos con respecto, disposto a escoitalos nas súas dúbidas e incertezas, nas súas esperanzas e proxectos. Unha acollida xenerosa e unha escoita sen censuras son elementos clave para o acompañamento.

*Segundo paso:
lectura crente
da realidade*

“Foilles interpretando o que as Escrituras falaban del”
(Lc 24,27).
Deus fálanos a través das mediacións humanas e por medio dos acontecementos da vida. Acompañar é axudar ao catequizando a ver o mundo, a valorar ás persoas e a interpretar a realidade cos ollos de Deus.

*Terceiro paso:
discernimento
vocacional*

“Levantándose volveron a Xerusalén [...] e contaron o que lles pasara polo camiño” (Lc 24,23).
A primeira vocación á que está chamado o catequizando é a vocación á vida cristiá e polo tanto á santidad. Terá despois que discernir outras posibles vocacións: ao matrimonio, ao sacerdocio, á vida consagrada. Nesa elección é clave o catequista-acompañante:

Grazas a un labor de sabio acompañamento, o catequista realiza un servizo dos máis valiosos á catequese: axudar aos catequizandos a discernir a vocación á que Deus os chama. (DGC, 156).

DECÁLOGO DAS ACTITUDES DUN “CATEQUISTA ACOMPAÑANTE”

- 1. Presenza orante.** Para ser acompañante comézase por estar ás veces silenciosamente e sen palabras, pero con actitude de apertura; coa certeza da presenza de Deus e da súa acción oportuna e sabia. Ser presenza orante implica saber *estar con*, é presenza de calidade, é orar para interiorizar a grandeza do outro e a propia en mans de Deus; orar para ter esa mirada limpa e serena ante a realidade do outro que camiña xunto a nós.
- 2. Empatía.** É apertura e disposición ante aquel que acompañamos, valorando a súa persoa, aceptándoa tal como é. Empatizar é poñernos no seu lugar desde un recoñecemento da grandeza e o empeño que Deus puxo nela; comprender os seus sentimentos, abrírnos a esa sintonía afectiva que fai sentir ao outro querido e comprendido, antes que ser xulgado e aconsellado.
- 3. Camiñar ao seu paso,** é dicir, coller o ritmo daquel xunto ao cal camiñamos, axustarse á súa persoa para propiciar a confianza, cultivar unha relación de liberdade onde o outro se descubra valorado e escoitado.
- 4. Escoitar co corazón.** Acompañar supón poñer verdadeiro interese no que a persoa vive, comparte, sofre, transmite con todo o seu ser. Cando un crente sente que é escoitado, comparte o máis profundo do seu corazón e atopa paz; tamén descobre certas respostas en si mesmo, que lle axudan a saír adiante.
- 5. Axudalo a caer na conta da súa realidade:** ter a sabedoría pedagóxica para situar ao outro fronte á súa propia realidade, sexa de límites, dons ou desafíos, que o impulsen a dar o paso cara á súa autenticidade e o propio crecemento.
- 6. Tutelar a súa fe,** axudarlle a descubrir a Deus na súa vida e reflectirlle a súa resposta de fe, desvelar e acompañar o seu proceso persoal de vida cristiá ante a proposta de Deus, é dicir, axudarlle a valorar e unir o don recibido coa resposta de fe, tanto de xeito persoal como comunitario, para que se apropie da fe que lle foi dada.
- 7. Acrecentar os seus pasos de maduración na fe.** Levar ao acompañado a dar froitos de caridade é xa un sinal concreto do seu proceso de maduración na virtude, educando con humildade as súas motivacións, actitudes e accións.
- 8. Propiciar a comunión con Cristo, finalidade da catequese.** É fundamental facer consciente ao compañeiro de camiño sobre a presenza de Deus que lle presenta moitas oportunidades de salvación, que sae ao seu encontro en Xesucristo, na Palabra escrita e acontecida, nos pobres, na vida mesma, nos sacramentos e as diferentes mediacións eclesiais. Deus achégase e proponlle un estilo de vida para a súa felicidade e salvación.

9. **Promover o seu “ser para os demais”.** Provocar a toma de consciencia dos seus dons, potencialidades e riquezas que Deus puxo nas súas mans para ben dos demais e edificación do Reino de Deus.
10. **Con maternidade/paternidade, sen dependencia.** Unha relación san de acompañamento leva á madurez de vivir unha filiación de fe con interdependencia, créase unha relación espiritual pero sen apegos como a metáfora da pel que dá unha nai ao seu fillo: unificación no seu ser e á súa vez, faino libre dela.

DECÁLOGO DAS BOAS PRÁCTICAS DUN “CATEQUISTA ACOMPAÑANTE”

O catequista acompañante é o catequista que:

1. Aprende os nomes dos nenos/as desde o primeiro día de catequese.
2. Chama sempre polo seu nome a cada un.
3. Reza por todos e por cada un, tamén durante a semana.
4. Consegue as datas dos seus cumpreanos e santos.
5. Celébraos con algún detalle persoal e grupal.
6. Non se esquece de que é “acompañante” non só de cada neno/a, na súa individualidade e orixinalidade, senón tamén do grupo, que así mesmo é único, orixinal e irrepitible, e ten o seu propio ritmo de crecemento.
7. O catequista ten o teléfono da familia de todos os nenos/as do grupo.
8. Coñece aos pais dos nenos/as, sabe os seus nomes; ten unha relación cordial con eles, tanto persoal como grupal.
9. Interésase pola vida do neno/a e coñece con discreción a razón das súas posibles ausencias; se fose por enfermidade trata de chamalo por teléfono ou visítalo..., e fai partícipe ao resto do grupo na medida en que llo suxira a prudencia.
10. Sabe dos seus colexios, dos seus gustos e intereses...; se ten irmáns/ás e da súa situación entre eles.

Pero, sobre todo, non se esquece nunca que o verdadeiro “catequista acompañante” ha de ser **sempre Xesús**. El díxonos que “onde dous ou máis están reunidos no meu nome alí estou eu no medio deles” (Mt 18,20). Para iso é necesario cultivar a relación persoal e cos compañeiros, buscando: o aprecio, o perdón e a axuda mutua.

CELEBRACIÓN

Xesto de envío

Convén facer esta celebración na Eucaristía dun dos primeiros domingos do curso. O xesto da presentación dos catequistas é unha forma de facer visible ante a comunidade que a catequese é “tarefa da comunidade”. Ela envía e acompaña.

SAÚDO INICIAL

MONITOR: A Eucaristía é o centro e o cumio da vida cristiá. Na súa celebración sentímonos acompañados pola comunidade, coa que compartimos unha mesma fe, un mesmo amor e unha mesma caridade; e, sobre todo, por Xesús, que se fai camiñante a compañeiro para acompañarnos no itinerario da nosa vida, alentarnos coa súa Palabra e sosternos co seu Pan.

LITURXIA DA PALABRA E HOMILÍA

Pódense proclamar as lecturas do domingo ou outras adaptadas ao sentido da celebración, por exemplo Lc 24, 13-35 (Emaús).

Na homilía, ademais das suxestións que poidan ofrecer os textos bíblicos e litúrxicos, pódense destacar estas ideas:

- Deus Pai acompañou ao pobo de Israel e foino preparando para acoller ao Mesías. Xesús acompañou aos seus discípulos e prometeulles estar con eles ata a fin dos tempos. O Espírito Santo acompaña e guía á Igrexa.
- A Igrexa exerce a maternidade acompañando aos seus fillos no camiño da fe, por medio da catequese e dos sacramentos.
- Os catequistas acompañan aos catequizandos no seu itinerario de fe, por medio da ensinanza e do exemplo, mostrándose atentos e solícitos ás súas necesidades.
- A familia acompaña aos fillos e fillas no proceso de crecemento humano e cristiá que leva á madurez.

RITO DE ENVÍO *(Despois da homilía)*

Monitor: Toda a comunidade cristiá ten a gran responsabilidade de iniciar na fe a nenos e mozos. Os catequistas desenvolven, no nome da comunidade, esa preciosa tarefa.

Estes son os catequistas da nosa comunidade:

(Chama polo nome aos catequistas que se colocan no centro, cerca do presbiterio)

Párroco: Queridos catequistas:

A Igrexa deposita en vós unha gran confianza e encoméndavos unha importante misión. Sodes o seu rostro e a súa voz diante dos catequizandos, aos que instruídes coa vosa palabra, ensinades co voso exemplo e acompañades coa vosa presenza.

Diante desta comunidade de (*nome da parroquia/comunidade*), preguntovos:

- Queredes ser, para os vosos catequizandos, testemuñas vivas da fe da Igrexa?
- *Si, quero.*
- Queredes acompañar, na fe e na vida, a aqueles que a comunidade vos encomenda?
- *Si, quero.*
- Queredes ser, no voso grupo e na vosa comunidade, signo da comunión que nace de Deus?
- *Si, quero.*

Xunto con esta comunidade de (*nome da parroquia ou comunidade*), proclamamos o credo da nosa fe:

(*Rézase o Credo ou faise en forma interrogativa*).

ORACIÓN DOS FIEIS

Recemos confiadamente a Deus dicindo: Acompáñanos Señor.

- Pola Igrexa para que, seguindo os mandatos do Señor, acompañe ao mundo nos seus gozos e esperanzas, nas súas angustias e tristuras. Oremos.
- Polo Papa, os bispos e sacerdotes, chamados a acompañar ao pobo de Deus, para que desenvolvan o seu ministerio con prudencia e caridade. Oremos.
- Polos pais e nais dos catequizandos, para que os acompañen no itinerario catequético sendo para eles exemplo de fe e de vida. Oremos.
- Polos catequistas, para que acompañen con agarimo a aqueles que a comunidade lles encomenda. Oremos.
- Polos mozos e mozas, para que descubran a ledicia do Evanxeo e colaboren na renovación da sociedade e da Igrexa. Oremos.
- Pola nosa comunidade, para que sinta como súa a tarefa da catequese e acompañe coa oración a catequistas e catequizandos. Oremos.

Deus de misericordia, acompaña os nosos pasos e guía a nosa vida para que cheguemos a Ti. Por Xesucristo, noso Señor. Amén.

NOSO PAI

Cada catequista colle a un ou dous catequizandos da man e sitúanse arredor do altar.

MONITOR: Acompañamos coa presenza e coa palabra pero tamén, e sobre todo, coa oración. Rezamos xuntos como Xesús nos ensinou pedindo por esta comunidade, polos catequistas e polos catequizandos.

Materiais catequéticos

NENOS/AS 6-7 anos		
Catecismo “ <i>Los primeros pasos en la fe</i> ”	CEE	Castelán
Libro de actividades “ <i>Espertamos á fe</i> ”	Secret. Galicia	Galego/Castelán
Guía pedagóxica “ <i>Despertamos a la fe</i> ”	Secret. Galicia	Castelán
NENOS/AS 7-9 anos		
Catecismo “ <i>Xesús é o Señor</i> ”	CEE	Galego/Castelán
Libro de actividades 1º ano “ <i>Creo en Xesús</i> ”	Sc. Galicia/PPC	Galego/Castelán
Libro de actividades 2º ano “ <i>Creo en Xesús</i> ”	Sc. Galicia/PPC	Galego/Castelán
Guía pedagóxica 1º e 2º ano “ <i>Creo en Xesús</i> ”	Sc. Galicia/PPC	Castelán
PREPARACIÓN INTENSIVA 1ª COMUÑÓN		
Carpeta de actividades “ <i>Camiñamos ó encontro de Xesús</i> ”	Secret. Galicia	Galego/Castelán
Guía pedagóxica “ <i>Camiñamos ó encontro de Xesús</i> ”	Secret. Galicia	Galego/Castelán
POSTCOMUÑÓN (10-14 anos)		
Catecismo “ <i>Testigos del Señor</i> ”	CEE	Castelán
Libro de activ. 1º “ <i>La Verdad que nos hace libres</i> ”	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Guía pedagóxica 1º	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Libro de activ. 2º “ <i>El Camino que conduce al Padre</i> ”	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Guía pedagóxica 2º	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Libro de activ. 3º “ <i>La Vida que nos colma de alegría</i> ”	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Guía pedagóxica 3º	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Libro de activ. 4º “ <i>Somos testigos del Señor</i> ”	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Guía pedagóxica 4º	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Libro 1: “ <i>A Alianza de Deus connosco</i> ”	Sc. Galicia/PPC	Galego/Castelán
Libro 2: “ <i>Deus dános unha nova vida</i> ”	Sc. Galicia/PPC	Galego/Castelán
Libro 3: “ <i>O Reino de Deus</i> ”	Sc. Galicia/PPC	Galego/Castelán
Guía Pedagóxica dos libros 1, 2 e 3	Sc. Galicia/PPC	Castelán

CONFIRMACIÓN		
<i>"Confirmados na fe" 1 e 2</i>	Sc.Galicia/PPC	Galego/Castelán
Guía pedagóxica	Sc.Galicia/PPC	Castelán
<i>"Camino de fe" (para a confirmación de adultos)</i>	Sc.Galicia/PPC	Castelán
CATEQUISTAS		
<i>"Escola de catequistas 1" (12 temas Cat. Fundamental)</i>	Secret. Galicia	Galego/castelán
FAMILIA		
<i>"O bautismo do noso fillo" (5 temas prebautismais)</i>	Secret. Galicia	Galego/castelán
Guía pedagóxica <i>"O bautismo do noso fillo"</i>	Secret. Galicia	Galego/castelán
<i>"O espertar relixioso" (3 temas para a familia)</i>	Secret. Galicia	Galego/castelán
<i>"Iniciación na fe" (3 temas para pais dos nenos 6-7 anos)</i>	Secret. Galicia	Galego/castelán
<i>"Encontro con Xesús" (3 temas pais nenos 7-9 anos)</i>	Secret. Galicia	Galego/castelán
<i>"Iniciación sacramental" (5 temas pais de 1ª Comuñón)</i>	Secret. Galicia	Galego/castelán
Guía pedagóxica dos folletos anteriores	Secret. Galicia	Castelán
COLECCIÓN "EN FAMILIA"		
<i>"Para orar... en familia"</i>	Secret. Galicia	Galego/castelán
<i>"O Credo... en familia"</i>	Secret. Galicia	Galego
<i>"A Misa... en familia"</i>	Secret. Galicia	Galego
<i>"A Iniciación Cristiá... en familia"</i>	Secret. Galicia	Galego
<i>"A Biblia... en familia"</i>	Secret. Galicia	Galego
<i>"Os Mandamentos... en familia"</i>	Secret. Galicia	Galego
AUDIOVISUAIS		
Servizo de DVD para parroquias, grupos e colexios. Vídeos e outros materiais en recursos.catequesisdeg Galicia.com		



www.catequesisdegalicia.com
recursos.catequesisdegalicia.com